



Nas derradeiras décadas do século XIX e as primeiras do XX, Ribadeo viviu unha época de auge económico, social e urbanístico. A bonanza debeuse en boa medida ao retorno dos emigrantes de América: Os Indianos. Estes investiron en empresas industriais e comerciais e foron mecenas de diversas iniciativas socioculturais, contribuíndo decisivamente á modernización das estruturas e equipamentos do concello.

Cando os primeiros emigrantes comezaron a regresar contra 1870, levantaron nos seus lugares de orixe vivendas dun estilo moi diverso aínda que inconfundible. Os indianos trouxeron unha arquitectura cosmopolita que se inseriu de forma rechamante entra as casas tradicionais, para simbolizar o triunfo e o éxito conseguido fóra. As súas son vivendas cómodas, amplas, abertas o exterior, con novas formas e materiais que falan de riqueza, sofisticación e formas de vida urbanas, con elegantes adornos nas fachadas, xardíns exuberantes e con reminiscencias tropicais, onde non faltan palmeiras, magnolios, camelias e valos de forxa que substitúen os vellos muros e portalóns.



Estas vivendas, malia ser construídas por arquitectos galegos, inspíranse nos barrios contemporáneos de Bos Aires, A Habana ou París e preséntanse en toda unha gama de estilos: ecléctico, modernista, historicista ou tradicional que serviron para conseguir uns edificios que evidenciasen distinción e empaque. De feito, era habitual encargar os elementos de decoración e mobiliario a París ou Barcelona, co obxecto de equipar estes fogares cos artigos máis modernos do momento.

Ribadeo é o concello galego que posúe a maior concentración de casas indianas ou de indianos. A ruta que aquí amosamos consta de dous itinerarios, un urbano e outro que discorre polo rural. A través dela o visitante coñecerá parte do amplo legado indiano ribadense, algunhas das edificacións máis significativas, verdadeiras xoias arquitectónicas.




RUTA DOS INDIANOS



Descargar lector QR en tu móvil





RUTA URBANA

1. No Cantón dos Moreno arranca a Ruta dos Indianos.

2. **Torre dos Moreno:** Esta residencia foi construída durante o bienio 1914-1915 polo arquitecto Julián García Núñez (discípulo de Gaudí), a iniciativa dos irmáns Juan e Pedro Moreno Ulloa. O edificio destaca pola súa ornamentación modernista e pola cúpula que coroa o edificio, sostida por catro cariátides, visible dende as catro esquinas da vila.

3. **Casa de Don Clemente:** Tras acadar una considerable fortuna e a conseguinte posición social, Don Clemente, nado en Ribadeo, regresou á vila e adquiriu dous edificios anexos que en parte reconstruíu e acondicionou para crear una soa vivenda.

4. **Casa del Viejo Pancho :** Aínda que non é una casa indiana é obrigado deterse na casa onde naceu José Alonso Trelles e Jarén en 1857, máis coñecido polo apelativo del Viejo Pancho, un dos escritores máis grandes das letras uruguayas e o poeta que mellor representou a vida rural dese país, a "Cultura Gaucha".

5. **Rúa de Rodríguez Murias:** Esta rúa atesoura, sen dúbida, varias das edificacións máis representativas non só da arquitectura indiana, senón tamén do auxe e expansión da vila. A denominación da mesma é una homenaxe a un dos indianos máis importantes: Jesús Rodríguez Murias.

6. **Barrio de San Roque:** É o barrio indiano por excelencia. A maioría dos primeiros emigrantes que regresaron a Ribadeo, na década de 1870, construíron as súas vivendas nesta zona, por aquel entón as aforas da vila.

7. **Beirarrúa dereita da rúa San Roque:** Podemos atopar entre outras a casa da Axudantía, a vivenda de Dona Esperanza Leiras, a casa de Dona Ascensión Pillado e a casa dos Andés.

8. **Beirarrúa esquerda da rúa San Roque:** Dende o principio podemos atopar casas de indianos, sendo as máis destacadas a casa Rosa, a casa da Calzada e a casa dos Enanos.

9. **Casa de Sela e Xardín de Indianos:** A Casa de Sela é unha das construcións indianas máis antigas de Ribadeo, data do 1869. O seu imponente volume, a sobriedade decorativa e o emprego da cantería de granito, remiten á arquitectura tradicional.

O chamado **Xardín de Indianos**, incluído na ruta, foi proxectado para honrar a memoria dos emigrantes ribadenses. O xardín conta con especies típicas de Galicia e América, caso das araucarias, magnolios, plátanos e de diversas especies de plantas floridas.

10. 11. **Casa del Óptico y Cuartel Vello :** A Casa do Óptico e un bo exemplo do estilo indiano. Así, está coroada polo gurgú ou miradoiro que acostuma a identificar ás residencias dos comerciantes ou armadores dos séculos XVIII e XIX. No xardín aínda se conserva a acacia plantada fai xa un século e a habitual palmeira dos xardíns indianos.

No caso do Cuartel Vello, é máis coñecida polo seu volume que polas súas feitura arquitectónicas, que non obstante teñen unha virtude: a funcionalidade do corpo principal do edificio, un octaedro de tres plantas, de concepción racionalista.

RUTA DAS PARROQUIAS

12. **Granxa-escola Pedro Murias:** A ruta polas parroquias do concello para coñecer a pegada indiana comeza na Granxa-Escola Pedro Murias, exemplo claro do mecenado que exerceron numerosos emigrantes gallegos nos seus concellos de orixe. Aínda hoxe, a Granxa funciona e alberga una escola de capacitación agropecuaria, tal e como dispuxera Pedro Murias.

13. **Casa de San Xulián:** Este inmoible, levantado en 1910, foi promovido pola familia de Pedro Murias. De planta cadrada e dúas alturas, o inmoible é singularmente sobrio, non hai concesións o decorativo e nese sentido so posúe una cornixa que lle outorga certa alegría visual.

14. **Casa de Don Inocencio:** Foi ordenada levantar en 1912 por Inocencio Aguiar. No punto máis alto desta casa instalouse o primeiro faro-guía privado do Cantábrico, custeado polo propietario do edificio.

15. **A Devesa:** Nesta parroquia atópanse numerosos inmoibles representativos da pegada indiana tales como o Círculo Habanero, a Casa-Torre Maseda, a Casa de Don Lourenzo, a Casa Colorada, a Casa Place Margarita e a Casa Maseda.

16. **Casa de Bolaño:** No pequeno núcleo da Rochela, levántase unha casa labrega construída en 1830, de estilo autóctono na que destaca a galería e a palmeira.

17. **Cemiterio da Devesa:** Financiado por emigrantes que fixeron fortuna e onde ten o seu mausoleo o indiano e benfeitor Pedro Murias.

18. 19. **Casa Acevedo e Casa Pancrácio:** Ambas dúas destacan pola súa sobriedade formal, excepcional nas construcións indianas. Completan o conxunto cunha cerca moi acorde coa vivenda e a presenza das típicas especies vexetais de importación, que verdean o xardín e confirman a súa orixe indiano.

